CONSIDERACIÓNS UGT GALICIA
ANTEPROXECTO DE LEI DA CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA
DITAME CES GALICIA

Consideracións xerais:

Dende UGT Galicia valoramos positivamente que se leve a cabo unha actualización da Lei do ano 2005, adaptando a normativa existente ás novas exixencias de regulación da calidade alimentaria, dando resposta a normativa europea e estatal e adaptando a normativa galega á nova realidade de calidade alimentaria en produción, transformación e/ou comercialización. Valoramos que dado que Galicia é un referente en alimentación de calidade, se avance nas esixencias adicionais á calidade estándar. O desenvolvemento e promoción de alimentos de calidade diferenciada melloran a nosa competitividade, máis nun mercado globalizado.

En xeral, sería convinte que os aspectos pendentes de desenvolvemento regulamentario teñan unha pronta resposta, cuns prazos establecidos na presente lei para que sexan prazos vinculantes.

Consideracións particulares

No apartado q) do artigo 3. Fins establécese como fin de esta lei "Promover a formación e cualificación das persoas operadoras alimentarias". Este fin non ten ao longo do desenvolvemento desta normativa un claro compromiso, nin concreción nas medidas e nas accións posteriores. Tal e como se recolle en determinados artigos, no artigo 62 letra f referido as actuacións non se ofrece maior detalle, nin tampouco no artigo 63 j) de prioridade das iniciativas que promovan a formación técnica. Mentres que si existe unha exhaustiva relación das obrigas das persoas operadoras para asegurar a calidade alimentaria. É dicir, no desenvolvemento de actuacións e medidas non se vai moito máis alá, non se amplía, o texto recollido no artigo 3 apartado q) de Fins.

O artigo 4. Definicións xerais propoñemos que en toda aquela definición que proveña dunha normativa básica se faga mención e se inclúa explicitamente a normativa da que procede.